

ACTIVIDADES FEDERACIÓN DE ANPAS NO RAQUEL CAMACHO:

ESCOLAS DEPORTIVAS:

- Educación infantil:

XOGOS RÍTMICOS: Proposta de xogos que teñen coma elementos principais a música, o ritmo e o movemento corporal individual e colectivo (contos musicalizados, bailes e coreografías grupais, ...).

XOGOS MOTORES: Proposta lúdica que incide nos aspectos psicomotores de forma xeral ao marxe da música e o ritmo.

PREPATINAXE: Só a partir de 5º de educación infantil.

- Educación primaria:

Nos primeiros cursos de Primaria óptase polo **Predeporte e Prepatinaxe** (evolución natural dos xogos motores e prepatinaxe).

Nos últimos cursos de esta Etapa Educativa se plantexa una práctica máis estruturada como propostas deportivas específicas (**Baloncesto, Voleibol e Multideporte**).

OBRADOIROS:

- Educación infantil:



COLORÍN COLORADO. Contacontos

Actividade de contacontos que fomenta o gusto pola lectura á vez que potencia a imaxinación, curiosidade e a creatividade introducindoos noutros mundos: reais ou fantásticos. Os contos, historias ou poemas permitirán expresarnos oral e corporalmente; inventando e recreando novos contos e personaxes, apropiándonos das palabras e desenvolvendo así valores estéticos e éticos.



MANITAS. Expresión Plástica e Manualidades

Combinación de diferentes artes plásticas desenvolvendo a creatividade e imaxinación así como o potencial artístico de cada neno ou nena á través da manipulación e experimentación con diferentes materiais e técnicas.



COMECOCOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.

- 1º, 2º e 3º de primaria:



XENIOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.



TEATRO. Dramatización

Experimentar o pracer de facer teatro, mediante o xogo escénico, a improvisación e a aprendizaxe de técnicas teatrais, desenvolvendo a expresión oral e corporal e mellorando a súa capacidade comunicativa, creativa e interpretativa, ademais de traballar habilidades sociais.

- **4º, 5º e 6º de primaria:**



SCAPE ROOM. Pensamento lóxico matemático

Xogo baseado no desenvolvemento das habilidades mentais para a solución de enigmas e problemas. Os nenos e as nenas traballando en grupo poñerán en xoga a creatividade e o pensamento crítico para ir superando diferentes probas ou retos e así resolver a proba. O obxectivo é saír dunha sala (pode ser virtual) dentro do contexto e recreación dunha historia, e para iso os xogadores deberán usar todas as súas capacidades intelecturais, creativas e de razoamento deductivo.



ENREDADOS. Novas tecnoloxías.

Descubrir e coñecer a utilidade e o manexo das novas tecnoloxías como ferramenta e complemento á formación dos nenos e nenas, iniciándoos no manexo básico do ordenador ou tableta e fomentando o seu uso razoable e responsable. Os contidos serán: - A introdución á informática e contorna Windows; - O procesador de texto; - Presentacións en power point ou outras app; - Internet, procuras guiadas; O correo electrónico. Os contidos desenvolveráanse segundo o nivel do grupo.

ENGLISH LAB:

- **Educación primaria:**

Proposta específica para a lingua inglesa no programa Idiomas no Centro, co obxectivo de adquirir comprensión e fluidez na comunicación oral.

Obxectivos específicos:

- Realizar unha inmersión en lingua inglesa, adaptándose ás características das diferentes etapas educativas e potenciando o xogo.
- Propiciar a interrelación dos contidos propios da lingua inglesa con disciplinas e actividades atractivas para os e as participantes.
- Mellorar a capacidade de escoita comprensiva a través de recursos baseados en centros de interese que fomenten a participación activa do alumnado.
- Potenciar a expresión oral a través de temáticas que resulten motivantes para os e as escolares, nun contexto de confianza e relaxación.
- Adquirir seguridade e soltura na comunicación oral coa fin de favorecer o seu uso cotián.